

HORACIO

BIOGRAFÍA

Afortunadamente, hai moitos pasaxes autobiográficos na obra horaciana. Podemos coñecer de primeira man ao poeta tras os versos.



Ilustración 1: Relevo con posible retrato de Quintus Horatius Flaccus (2ª metade I a.C.)
Museum of Fine Arts, Boston

Quinto Horacio Flaco naceu o ano 65 a.n.e. en Venusia, localidade entre Lucania e Apulia (sur de Italia). O seu pai foi un liberto, recadador de impostos (*coactor argentarius*), que posuía recursos económicos suficientes e grande empeño en dar ao seu fillo unha esmerada educación, semellante á dos mozos da aristocracia. Horacio fixo os seus primeiros estudos en Roma, e o seu pai deu custeado incluso a afeita viaxe a Atenas que os mozos de familias acomodadas adoitaban facer para perfeccionar os seus coñecementos sobre oratoria, retórica ou filosofía con vinte anos. Estando Horacio aínda en Grecia, César foi asasinado en Roma polos republicanos (44 a.n.e).

Horacio alistouse no exército republicano de Bruto e Casio e participou na definitiva batalla de Filipos (ano 42 a.n.e.), onde os seus foron derrotados polas tropas de Octavio Augusto e Marco Antonio. Por sorte, concedéronlle a amnistía. Por desgraza, cando volveu, o pai morrera e as súas posesións foran distribuídas entre veteranos de guerra do bando gañador. Para

subsistir, asumirá o cargo de *scriba quaestorius*, escriba asignado á secretaría dun *quaestor*.

Nesta época, Horacio adhírese á filosofía epicúrea, comeza a escribir versos e a relacionarse con poetas xoves como Virxilio e Vario. Estes últimos preséntanlle a Mecenas, o conselleiro de Augusto que con tanto afán patrocinou as artes, dando inicio a unha amizade duradeira.

No ano 33 a.C. Mecenas regaloulle unha *villa* na Sabina, perto de Tíbur (actual Tívoli). A esta nova etapa da súa vida, dedicada practicamente á composición literaria, pertence a súa gran obra lírica: *Odas*. Ao redor do ano 23 a.n.e. publica os tres primeiros libros e con posterioridade o libro IV. Entre medias compuxo a súa obra *Epístolas* coa que elevou á categoría literaria un xénero novo na literatura latina: a epístola poética. Son dous libros cun total de 23 cartas dedicadas a amigos, na súa maioría de contido filosófico-moral; pero a máis destacada, *A epístola aos Pisóns*, tamén coñecida como *Arte poética*, é un verdadeiro tratado literario,



Ilustración 2: Horacio, Virxilio e Vario canda Mecenas. Virxilio le as súas Xeórxicas. Charles François Jalabert. (s.XIX)



Ilustración 3: Horacio, Adalbert von Roessler (1853 – 1922)

onde Horacio expón as súas reflexións sobre a composición poética (o estilo, os xéneros, a técnica dunha obra literaria, o seu valor social, etc.).

A súa amizade con Mecenas púxolle en contacto con Augusto. No ano 17 a.n.e., Augusto dispuxo que se celebrasen en Roma os *Ludi saeculares* (festas que se facían cada século para pedir aos deuses protección para a cidade) e encargou a Horacio compoñer un cántico para ser entoado por un coro de raparigos e raparigas (*Carmen Saeculare*). A súa última publicación foi o libro IV das *Odas*.

Horacio, que non gozou nunca dunha saúde demasiado boa, viuse afectado dunha enfermidade que acabou coa súa vida en pouco tempo. Morreu no 8 a.n.e., aos seus 57 anos. O seu amigo e benfeitor Mecenas morrera meses antes e foi

enterrado preto del no monte Esquilino.

OBRA

Odas (<i>Carmina</i>)	4 libros	Lírica (metros griegos)
Épodos (<i>Iambi</i> o <i>Epodi</i>)	1 libro	
<i>Carmen Saeculare</i>	1 poema	
Sátiras (<i>Sermones</i>)	2 libros	Hexamétrica (hexámetro dactílico)
Epístolas (<i>Epistulae</i>)	2 libros	
<i>Ars Poetica</i> (<i>Epístola aos Pisones</i>)	1 libro	

A produción lírica de Horacio é moi abundante. Os seus grandes monumentos líricos son as *Odas* e os *Epodos*.

Temas comúns:

Reflexión interior ecléctica entre epicureísmo e estoicismo¹, que alterna coa atenta mirada á vida pública.

¹ Chámase epicureísmo ao sistema filosófico creado por Epicuro a partir do 323 a.n.e., que se manterá vixente ata o III n.e. e que será coñecido como a Escola do Xardín polo lugar elixido por Epicuro en Atenas para situar a súa escola. Nunha famosa carta, Epicuro expresa a formulación sintética da súa filosofía:

1. O temor aos deuses é van, pois os deuses son felices e non se preocupan dos homes.
2. O temor á morte é absurdo, pois cando a morte nos chega, nós xa non estamos.

Amor e morte.
Xúbilo e tristeza.
Amigos e deuses.
Invitación á festa.
Eloxio do viño.
A grandeza de Roma.
O feito literario e o quefacer do poeta.
Ton agridoce que convida ao *carpe diem*.
*Recusatio*² dos xéneros maiores.

Aurea mediocritas, defensa do termo medio.



Ilustración 4: Fresco Romano da Villa San Marco.

Odas

Libro I	32 poemas
Libro II	20 poemas
Libro III	30 poemas
Libro IV	15 poemas.

Trátase de catro libros compostos tras os *Épodos*, de altísimo nivel poético e moi distanciados de calquera outro produto literario. Nelas aparece a musicalidade da métrica eólica nun esforzo xigantesco de sintetizar na súa obra a Alceo, Safo, Alcmán, Anacreonte e Píndaro co alexandrino Calímaco (s.III a.C) e o romano Catulo (84-54 a.C.).

Nas *Odas (Carmina)*, Horacio expón os seus pensamentos e sentimentos sobre aspectos moi diversos da vida; entre outros, que o amor é un sentimento secundario, que a vida é fugaz, que hai que renunciar á ambición e fuxir dos tumultos para centrarnos no eu. Os seus ideais como *aurea mediocritas* (no medio está a virtude, o medio dourado) ou *carpe diem* (aproveita o día).

3. O pracer, o ben, é de fácil acceso se nos atemos aos praceres naturais necesarios.

4. A dor, o mal, é sempre provisional e, se chega a ser intenso, breve.

O criterio de verdade para a vida e a acción é o sentimento de pracer e a razón é a que está chamada a facer a elección dos praceres desde unha clasificación das necesidades da vida humana. O sistema da filosofía epicúrea desenvólvese nunha orde rigorosa: fundamenta a ética como o camiño á vida feliz a través dunha teoría do coñecemento, desenvolve unha teoría física que inclúe a psicoloxía ou estudo da alma e un tratado de teoloxía.

O estoicismo é tamén un sistema filosófico que abarcará 500 anos e cuxo fundador foi Zenón de Citio no s. IV a.C. en Atenas. A ética estoica predica vivir conforme a Natureza, por iso é importante a aceptación da orde universal, divino e providencial. A liberdade humana consiste na liberación das paixóns porque estas representan o impulso do particular do individuo á marxe da orde universal. O home virtuoso será aquel que practique a autarquía ou independencia do exterior, a apatía ou impasibilidade e a ataraxia ou imperturbabilidade, non entendido todo isto como egoísmo senón como adhesión voluntaria e activa ao ben común. Co estoicismo comeza o concepto de humanidade

² *Recusatio* é un recurso literario no que o autor rexeita escribir un certo tipo de poema ou tratar un certo tipo de tema alegando a súa suposta incapacidade.

Horacio invítanos a a desfrutar do efémero, a ser mesurados e á fortaleza do espírito. O ton é comedido e dunha gran perfección formal.

Epodos

Libro único

17 poemas

Os *Epodos* (*Epodi* ou *Iambi*) eran unha composición de orixe grega destinada ao insulto e ao improperio. Algún dos epodos de Horacio preserva este carácter, pero outros son de carácter lírico. Salienta o que comeza co famoso *Beatus ille...* (Feliz aquel...; *Iambi* 2, 1-16) que deu nome a un tópico literario, a louva da vida do campo.

Responden a unha tradición poética que se remonta á poesía iámbica da Grecia arcaica, poesía popular e festiva, onde a liberdade de palabra e, con ela, a temática sexual e satírica, eran usuais; por iso neles abundan elementos da lingua común. Horacio chamoulles *Iambi* pero pasaron á posteridade baixo o nome de *Épodos* por ser este o termo que designa a parella de versos trímetro máis dímetro iámbico. Neles recolle a tradición neotérica³ de esixencia formal (*labor limae*), composicións breves e pouco pretenciosas (*brevitas*), métrica e temática variadas e motivos persoais. Con todo, os seus épodos inxuriosos parecen máis ben estudos literarios (non se critican persoas concretas) e, ademais, Horacio mostra compromiso político,. Os seus antecedentes gregos son **Arquíloco de Paros**, personaxe de moda entre os mozos que estudaban en Grecia con Horacio e que exerceu gran influencia sobre eles, e tamén **Hiponacte de Éfeso**, de época alexandrina. Os Épodos definíronse algunha vez como a poetización do insulto.

Canto Secular

O *Carmen Saeculare* era un himno de ton propagandístico escrito no ano 17 a.n.e. por encargo do emperador Augusto. É un poema en honra dos deuses tutelares de Roma para ser cantado nos *Ludi Tarentini* por un coro mixto de mozos e mozas no que se daba as grazas á obra do emperador, se rogaba aos deuses que Roma gozase de paz e abundancia eternas.

Pervivencia

Horacio xa era coñecido na Idade Media, pero foi especialmente mitificado no Renacemento.

En Italia, Horacio (especialmente na súa faceta lírica) inspirou a Petrarca e aos poetas italianos. En España, imitárono Garcilaso de la Vega, Fernando de Herrera e Fray Luis de León. En Francia, os membros da Pléiade, destacando a Ronsard, tamén beberon de Horacio.



Ilustración 5: Petrarca, Andrea del Castagno.

³ Os neotéricos ou *poetae novi* era um grupo de poetas cuxo modelo de referencia era a poesía helenística, especialmente Calímaco, rompendo coa tradición.